



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

BANDO

D. Alfredo Dovale Pedreira, Alcalde-Presidente do Concello de Mañón

FAI SABER

Que a Corporación Municipal quere amosar o seu agradecemento á veciñanza do Concello de Mañón pola rápida e ampla resposta dada na doazón de produtos para enviar a Valencia con motivo da DANA sufrida hai poucos días.

Que todo o material recollido nos puntos establecidos (Abeiro do Sor e Casa do Concello) foi organizado mediante a colaboración da veciñanza de Mañón, da xerencia do Abeiro do Sor, da Asociación Nordés e do Concello de Mañón e que sairá nun remolque o venres 8 de novembro dirección Valencia.

Que se envían materiais e ferramentas de limpeza xeral, de hixiene corporal, alimentación, mantas, produtos de farmacia, auga, roupa de protección: botas, luvas, máscaras... En xeral, produtos demandados polos concellos afectados para estas primeiras semanas.

Que máis adiante, volveremos informar sobre as necesidades de axuda solicitada para organizar outro envío de materiais polo que, de momento, non se recolle máis roupa pero si outros produtos de primeira necesidade.

Mañón, a 7 de novembro de 2024

O ALCALDE-PRESIDENTE

Alfredo Dovale Pedreira